




CARA UNHA CIDADANÍA INCLUSIVA NO ÁMBITO RURAL GALEGO

*Diagnóstico sobre xénero elaborado polo profesorado
das zonas de Mondoñedo e bisbarra e Viana do Bolo e bisbarra*





CARA UNHA CIDADANÍA INCLUSIVA NO ÁMBITO RURAL GALEGO

*Diagnóstico sobre xénero elaborado polo profesorado
das zonas de Mondoñedo e bisbarra e Viana do Bolo e bisbarra*

Organización

INTERED GALICIA

Enderezo: Praza do Matadoiro, 7-Baixo. 15703 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 58 79 66

Enderezo electrónico: galicia@intered.org

Proxecto: *"Visibilizar e valorar os coidados como imprescindibles para o sostemento da vida e as sociedades especialmente no ámbito rural galego"*

Primeira edición

Galicia, diciembre 2012

Coordinación e redacción

María Paz Caínzos Rodríguez

Revisión

Amalia Álvarez Vega, Encina Villanueva Lorenzana e Luís Fernández López

Colaboración: Carlos Luís Rodríguez Calvente, Javier Naya Martínez-Romero, María Teresa Díaz Martínez, Cristina López Caramés, Emilia Touriño Campelo, José Ignacio Sautúa López, María Dolores Escudero Sabín, Rut Fernández Fernández, Sandra Fernández Vidal, Luís Fernández López, Ilda Luaces Torre, Carlos Ferreiro González, Susana Fernández Vázquez, Ovidio Villar Marcos, María del Mar Estévez Fernández, Andrea Tato Vega, Yolanda Cobas Fernández, Ana María Castro Limeres, Antonio Ramón González Vaamonde, María Teresa Domínguez Gutierrez, Presentación Ramos González, Ignacio Lindoso González, Sherezade Fernández Placín, Mónica Vega González, María Consuelo Losada Rodríguez, Eduardo Estevez Dieguez, Ainara Garea López, M^a Carmen Carballo Alonso, Carmen García Nieto, Andrea Marín Fernández, Sofía Domínguez Martínez, María Covadonga Barrera Díaz, Luisa María Rey Díaz, María José Gayoso Río, José María Lopez Fernández, Rocío López Villarmea, María Pilar García Pérez, José Ramón Pavón López, María Pérez Castiñeira, Áurea Ramil Díaz, Francisco Javier Villarino Fernández, Eugenio Luís Tomé López de Silanes, María Asunción Carreiras Balsa

Profesorado facilitador do curso

María Barba Núñez, María Paz Caínzos Rodríguez, Noelia García Camiña, Larry José Madrigal Rajo, Carmen Morán Castro, Germán Vargas Callejas, Encina Villanueva Lorenzana e Walberto Virgil Tejeda Guardado

Tradución e revisión de estilo

Equipa de tradución InteRed Galicia

Colaboración e apoio financeiro

Dirección Xeral de Cooperación Exterior e coa Unión Europea da Xunta de Galicia

Diseño

Tórculo Artes Gráficas

ISBN

978-84-937893-3-6

AGRADECEMENTOS

Pola súa valiosa colaboración para a elaboración do presente estudo, ás comunidades educativas dos seguintes centros educativos:

EN MONDOÑEDO

CEIP Álvaro Cunqueiro M., Mondoñedo
CEIP Antonio Pedrosa Latas, Viveiro
CEIP de Foz nº1
CEIP San Miguel de Reinante, Barreiros
IES Dionisio Gamallo Fierros, Ribadeo
IES Terra de Trasancos, Narón
IES Vilar Ponte, Viveiro
IES San Rosendo, Mondoñedo

EN VIANA DO BOLO

Preescolar na casa
CPI Laureano Prieto, A Gudiña
CEIP San Martiño, Vilariño de Conso
CEIP Eduardo Avila Bustillo, A Veiga
CEIP Bibeí, Viana do Bolo
CEIP Amparo Refojo, Verín
IES Carlos Casares, Viana do Bolo





DEDICATORIA

A todo o profesorado do ensino público, e especialmente a aquelas persoas que traballan no rural, pola súa contribución para construír unha cidadanía incluínte con enfoque de xénero e dereitos dende os seus centros educativos.





A NOSA SUXESTIÓN PARA TODAS AS PERSOAS QUE VISITEN ESTAS PÁXINAS É

ARRIMADE TODAS O OMBREIRO Á CARGA DAS OUTRAS PERSOAS

Arrimade todas o ombreiro A tarefa xa está en marcha

necesítanse máis mans que sosteñan o traballo,

sen vaivéns, con entrega , sen que che free o cansazo.

Arrimade.

Non é un consello, nin un rogo, é un mandato.

Arrimade fala de urxencia, non admite dilación,

non permite esquivar o que oprime as irmás.

Arrimade todas

Todas. Ninguén está liberada. Non hai excusas de idade,

de falta de tempo, de cansazo, todas somos persoas solidarias.

Sintámonos responsables de aliviar a tantas necesitadas.

Todas, non só algunhas: as líderes, as máis preparadas,

Todas podemos aportar moito ou pouco, pero algo.

Arrimade todas o ombreiro

Expresión moi coñecida e coloquial,

que supón un apoio xeneroso á que camiña cansa.

"Facer corpo" ca outra non é só botarlle unha man,

pídenos máis - arrimade o ombreiro - aliviádea.

Arrimade o ombreiro é o contrario

de "encollerse de ombreiros", que é ser indiferente

ante quen se dobregan cun fardo moi pesado

Arrimade todas o ombreiro á carga das outras

Carga. É un abanico tan plural...

Carga é a falta de equidade, é a inxustiza,

é truncar a moitas persoas o rico potencial

que levan no seu interior e desexan regalar.

Descobre na túa contorna esas cargas .Compárteas

e confía que con pequenas industrias poderíanse superar.

Cales son as estratexias que permiten alcanzar

eses grandes horizontes para o ben da humanidade?

Son achegas sinxelas na nosa vida real:

- o coidar as relacións interpersoais,
 - crear un clima de confianza, e liberdade,
 - participación, que recoñece as diferenzas,
- e visión esperanzada cara á equidade.*

Arrimade o ombreiro á carga das outras persoas

Non só da máis próxima, da meu grupo,

da que vive ao noso lado ou na miña cidade,

das outras...o círculo é moito máis amplo,

non o podes acoutar, dá o salto ao rural,

non hai distancias, a tarefa reclama gran xenerosidade.

Arrimade todas o ombreiro á carga das outras persoas

A tarefa xa está en marcha. Vive en clima de esperanza.

aínda que o listón é moi alto Decídete .Ti pódelo alcanzar.

María Teresa Val

INDICE

Introdución

CAPÍTULO 1: TOMANDO O RELEVO...DUNHA LARGA LOITA

- 1.1. Recoñecendo as devanceiras
- 1.2. Camiñando cara á coeducación en España
 - 1.2.1. Escolas separadas para nenas e nenos (modelos rosa e azul)
 - 1.2.2. Escolas mixtas (modelo azul con borde rosado)
 - 1.2.3. A coeducación (modelo lila)

CAPÍTULO 2: REVISANDO A NOSA EXPERIENCIA

- 2.1. Historia dun proceso
- 2.2. Modelo do curso
- 2.3. O profesorado participante
- 2.4. Metodoloxía e contidos dos obradoiros
- 2.5. Proceso de investigación-acción
- 2.6. Proceso de avaliación

CAPÍTULO 3: O XÉNERO NOS CENTROS EDUCATIVOS

- 3.1. Achados nas comunidades educativas
- 3.2. Achados con respecto ó material didáctico
- 3.3. Achados no patio de xogos
- 3.4. Achados na linguaxe educativa
- 3.5. A organización escolar

ANEXOS

- A.1. Esquema dun proxecto de investigación-acción
- A.2. Ferramentas para investigar a situación de xénero na comunidade educativa
- A.3. Ferramentas para investigar a situación de xénero nos materiais didácticos
- A.4. Ferramentas para investigar a situación de xénero no patio de xogos
- A.5. Ferramentas para investigar a situación de xénero na linguaxe
- A.6. Ferramentas usadas na avaliación do proceso

BIBLIOGRAFÍA



INTRODUCCIÓN

Mulleres, homes, nenas e nenos na nosa sociedade teñen os mesmos dereitos, e deberes, adoita ser así na práctica cotiá tanto no ámbito privado como no público?.

Nenas e nenos teñen o mesmo profesorado, os mesmos espazos escolares..., utilízano do mesmo xeito nenas ca nenos?. Quen ocupa, normalmente o patio?.

Ó longo da historia a muller desenvolveu tarefas en todos os eidos do saber, a investigación e a cultura, aparecen reflexados os seus nomes nos libros de texto?.

Se nas Universidades galegas a porcentaxe maior de estudantes que rematan os seus estudos son mulleres, porque non están nos postos directivos?.

A expresión dos sentimentos, p.e. de tenrura, é algo que cada vez é máis habitual na nosa sociedade, poden os homes expresalo con liberdade?.

Estas preguntas, e moitas máis, quixémolas respostar dende InteRed polo medio da formación-ación-investigación-ación do profesorado na súa práctica educativa. Por iso, no nome de InteRed, o noso agradecemento máis fondo a todo o profesorado que fixo posible –co seu esforzo e xenerosidade- que este manual poda ser aproveitado noutros centros educativos para conseguir unha “realidade social” máis acorde cás leis de igualdade das que gozamos, e, sobre todo, que cada persoa, home ou muller, de calquera idade, en calquera situación social..., poda desenvolver plenamente todo o seu SER.

A presente publicación estruturase en tres capítulos:

- No primeiro, TOMANDO O RELEVO...DUNHA LONGA LOITA, queremos partir de recoñecer o esforzo que moitas mulleres e homes fixeron na loita por unha educación con igualdade para nenas e nenos, para situarnos actualmente nun momento de construción colectiva do que estamos a chamar “coeducación”.
- No segundo, REVISANDO A NOSA EXPERIENCIA, facemos unha pequena sistematización do proceso

de investigación-acción sobre a realidade de xénero existente nos centros educativos, recollendo as aprendizaxes claves, que permitan a outros colectivos e a nos mesmas, a réplica mellorada desta experiencia.

- No terceiro, O XÉNERO NOS CENTROS EDUCATIVOS, recompilamos os principais achados recollidos polo profesorado con respecto a situación de xénero nas comunidades educativas, nos materiais didácticos, no patio de xogos, na linguaxe e na organización do centro.

No nome de InteRed o noso agradecemento ao IES San Rosendo de Mondoñedo e ao IES Carlos Casares de Viana do Bolo pola súa acollida incondicional e agarimo. Aos CFR de Lugo-Burela e de Ourense e polo seu ánimo e recoñecemento do curso.

Do mesmo xeito agradecer a todas e cada unha das persoas expertas que participaron na formación, moi especialmente a María Paz Caínzos Rodríguez polo seu entusiasmo, ben facer e realizar sempre, os longos desprazamentos que este proxecto supuxo, con ledicia, bo humor, e sobre todo, con claridade no horizonte.

Sen esquecer a todas as persoas que nos apoiaron incondicionalmente, ao voluntariado de InteRed e ao alumnado en prácticas da USC, pola súa colaboración incondicional, solidaria e de calidade.

E, finalmente, agradecer á Cooperación Galega da Xunta de Galicia o seu apoio a InteRed, e por ende, á Educación para o Desenvolvemento, nestes momentos tan difíciles e transcendentais da historia, onde esta educación é máis importante ca nunca.

AMALIA ÁLVAREZ VEGA


Delegada de InteRed en Galicia e coordinadora do proxecto

1

CAPÍTULO

Tomando o relevo... dunha longa loita





RECOÑECENDO AS DEVANCEIRAS

Xa dende o século XV, comezan a oírse voces a favor da loita pola educación para as mulleres. Entón un movemento de mulleres promovido pola escritora **Christine de Pizan**, inicia a "Querelle deas Femmes"?. Ela será a autora da "Cidade das damas" (1405), obra que será un precedente das reivindicacións das mulleres.

Será un novo cura protestante, o filósofo **Poulain de la Barre**, quen dous séculos máis tarde, fai a primeira reivindicación concreta a favor do dereito á educación para as mulleres. Coas súas obras "A igualdade entre os sexos" (1673) ou "A educación das damas" (1674), utiliza por primeira vez argumentos ilustrados para desmontar a idea de que as mulleres eran de natureza inferior aos homes. É celebre a súa frase "a mente non ten sexo", coa que claramente, propón o acceso á educación das mulleres como solución á desigualdade e como clave para o cambio.

Haberá que agardar ao século XVIII, para que a mestra inglesa **Mary Wollstonecraft**, escriba "Reivindicación dos dereitos da muller" (1790), considerada a obra fundacional do feminismo, onde aclara que a suposta inferioridade das mulleres é debida a que non han ter acceso a unha educación apropiada. Crendo no papel transformador da educación, fundou varias escolas de "renovación pedagóxica", para asegurar que as nenas recibirían unha educación de calidade semellante á dos nenos.

"Na miña loita polos dereitos das mulleres, o meu argumento principal baséase sobre o principio elemental de que se a muller non está preparada, mediante a educación, para converterse na compañeira do home, será ela quen freará o progreso do saber e a virtude, pois a verdade debe ser sempre patrimonio de todos e se non, non terá influencia na vida".
(Mary Wollstonecraft en Elisa Velasco, 1998:13)



Mary Wollstonecraft

Un ano despois, **Olimpia de Gouges**, coa súa obra “Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadá” (1791), reivindica a igualdade entre mulleres e homes en todos os aspectos da vida pública e privada, incluíndo tamén o dereito á educación.

Retomando este legado, **John Stuart Mill** en colaboración con **Harriet Taylor** escribirán en Inglaterra “Os ensaios sobre o matrimonio e o divorcio” (1832), obra na que se expoñen tres fundamentos clave para lograr a igualdade real entre mulleres e homes: unha educación non discriminatoria, a participación na esfera pública e a igualdade ante a lei.

Posteriormente en 1848, será a sufragista norteamericana **Elizabeth Cady Statón**, quen no marco da Convención sobre os dereitos da muller, promova a elaboración da Declaración de Seneca Falls ou Declaración de Sentimentos. A mesma na que entre outras cousas reivindicase o dereito das mulleres á educación.

“Que tendo sido investida polo Creador cos mesmos dons e coa mesma conciencia de responsabilidade para exercelos, está demostrado que a muller, o mesmo que o home, ten o deber e o dereito de promover toda causa xusta por todos os medios xustos; e no que se refire aos grandes temas relixiosos e morais, resulta moi en especial evidente o seu dereito a impartir co seu irmán

os seus ensinos, tanto en público como en privado, por escrito ou de palabra, ou a través de calquera medio adecuado...”



Elizabeth Cady Statón

Citar tamén a **Flora Tristán**, muller autodidáctica de orixe peruano, precursora das feministas socialistas que escribiu “A Unión Obreira” (1843). Obra na que utiliza unha linguaxe incluínte e na que asegura que se non se aposta pola educación das mulleres é porque economicamente, o non facelo, é moi rendible para a sociedade.

Por terras españolas, será a galega **Emilia Pardo Bazán**, quen no Congreso Pedagóxico de 1892, fai a primeira demanda respecto da educación das mulleres. A parte de reivindicar o dereito ao acceso das mulleres á educación; fai unha sutil reflexión sobre as relacións e diferenzas que existen entre a educación que se dá ás mulleres e a que se dá aos homes, denunciando ademais que naquela época, socialmente “..a intensidade de educación, que constitúe para o home honra e gloria, para a femia é deshonor e case case mostruosidade”. (Emilia Pardo, 2006: 86-87)

"Aspiro señores, a que recoñezades que a muller ten destino propio; que os seus primeiros deberes naturais

son para consigo mesma, non relativo e dependentes da entidade moral da familia que no seu día podía constituír ou non constituír; que a súa felicidade e dignidade persoal ten que ser o fin esencial da súa cultura, e que a consecuencia deste xeito de ser muller, está investida do mesmo dereito á educación que o home, entendéndose a palabra educación no sentido máis amplo de cantos poidan atribuírselle” (Emilia Pardo en Encina Villanueva, 2011:28)



Emilia Pardo Bazán

É interesante destacar que trala segunda Guerra Mundial, en Estados Unidos, obrígase ás mulleres a regresar ás casas, para que os soldados ocupen os seus postos nas fábricas e aparece o chamado “problema feminino”, (caracterizado por síntomas de depresión, ansiedade, suicidio...) Mentres algúns investigadores freudianos sostiñan que a causa da frustración das mulleres, era que tiñan un nivel educativo demasiado alto que lles impedía adaptarse ao seu rol tradicional de nai-esposa, será a psicóloga social Betty **Friedan** quen co seu libro “A mística da feminidade” (1963) demostrará que as mulleres que valoraban máis os seus

estudos, mostrábanse máis alegres e positivas. Facendo así fincapé en que o problema non estaba na educación, senón naquela obtusa definición do “rol” das mulleres.



Betty Friedan

Nas últimas décadas do século XX, co chamado feminismo institucional, comézase a celebrar conferencias internacionais da muller auspiciadas pola Organización de Nacións Unidas-ONU. Nelas denúnciase o feito de que en moitas rexións do mundo mantense a discriminación no acceso das nenas e as mulleres á educación. É por iso que na **Plataforma para a Acción Mundial** (Beijing, 1995), puntualízase que:

“A educación é un dereito humano e constitúe un instrumento indispensable para lograr os obxectivos da igualdade, o desenvolvemento e a paz. A educación non discrimina, beneficia tanto ás nenas como aos nenos e conduce a relacións máis igualitarias entre mulleres e homes”

CAMIÑANDO CARA Á COEDUCACIÓN EN ESPAÑA

“Mentres a educación masculina se inspíra no postulado optimista, ou sexa a fe na perfectibilidade da natureza humana, que ascende en suave e harmónica evolución

ata realizar a plenitude da súa esencia racional, a educación feminina deriva do postulado pesimista, ou sexa do suposto de que existe unha antinomia ou contradición evidente entre a lei moral e a lei intelectual da muller, cedendo en dano e prexuízo da moral canto redunde en beneficio da intelectual...”(Emilia Pardo, 2006:86)

1.2.1. Escolas separadas para pícaras e nenos (modelos rosa e azul)

En España as primeiras escolas públicas para nenas xurdiron a partir da promulgación da Lei Xeral de Instrución Pública, coñecida como “Lei Moyano” en **1857**¹

Con esta lei, o Estado, comezou a promover unha educación segregada, a mesma que se impartía en escolas separadas para nenas (femininas) e para nenos (masculinas). Cada unha con persoal docente do sexo correspondente e co seu currículo específico, no que se ensinaban as materias “propias de cada sexo”. Devanditos modelos educativos estaban “definidos en base á construción social de xénero, partindo de que mulleres e homes tiñan capacidades e valores diferentes, xerarquizados segundo o sexo” (Begoña Salas, 1994:20)

Así, no modelo azul, aos nenos preparóuselles persoal e profesionalmente, para ocupar os “espazos públicos”, espazos tradicionalmente asignados polo sistema patriarcal aos homes e que inclúen o traballo produtivo e todo o relativo ao exercicio activo da cidadanía.

“A eles ensinábanselles as « cousas importantes »: destrezas relacionadas cos traballos produtivos, virtudes como a competitividade, o atrevemento, o risco, a

¹ Cabe destacar que en paralelo ao que sucedía na escola pública, na época seguiron predominando para a instrución feminina os colexios de monxas (Adoratrices, Escolapias, Escravas do Sagrado Corazón...) aos que acudían as nenas de clase media. Mentres que as familias da aristocracia e da alta burguesía optaban por enviar ás súas fillas a colexios franceses, tanto relixiosos como seculares.

curiosidade intelectual. Empregan o tempo en deportes e xogos de grupo ao aire libre, en manipular aparellos, na observación sistemática de fenómenos..."(M.E. Simón, en Raquel Ocaña, 2008:38).

No caso das nenas (modelo rosa), o feito de ter útero marcaba a diferenza. A elas formábaselles como esposas e nais, para que realizasen mellor o traballo da casa e o coidado da familia e o resto de persoas da comunidade.

O modelo rosa aparece sempre "como un apéndice do primeiro (o azul), ata na lexislación, e consiste nunha versión diluída daquel, máis algunhas cuestións específicas, sobre todo os labores (calceta, punto de rede, dechado...) e a maior importancia dos rezos. (Marina Subirats e Cristina Bullett, 2001:136)



Modelos azul e rosa de educación

No seguinte cadro pódense observar os contidos, valores, habilidades e métodos que imperaban nas escolas femininas:

CADRO 1.1: CARACTERÍSTICAS DAS ESCOLAS DE NENAS

Contidos	-Relixión -Vidas exemplares -Cultura xeral
Habilidades	-Fogar -Boas maneiras -Costura
Valores	-Submisión -Obediencia -Traballo
Métodos	-Represión -Inculcación - <u>Adoutrramento</u>

Fonte: Brotons, Lillo e Simón (2003:17)

Como exemplo do ensino diferenciado de nenas e nenos, vexamos o exemplo dun Manual de Educación Física de 1945, en España:


Exemplo A	Exemplo B
Exercicio de imitación profesional para nenas de dez a catorce anos. Fregar chans: de xeonllos, xeonllos separados, pés unidos. Flexión do tronco adiante sen sentarse sobre os talóns. Desta posición movemento lateral en forma de abanico que imite o máis perfectamente posible o movemento corrente de fregado de chans. (Begoña Salas, 1994:26)	Coa area do xardín, do paso ou da praia poden xogar os nenos moitos intres, con moldes ou coas súas mans. As nenas irán fabricando pasteis, montonciños de area, sobre os que irán colocando flores ou herbas. Os mozos farán <u>escavacións</u> que eles imaxinan que son túneles ou montañas... (Begoña Salas, 1994:24)

As mulleres españolas terán que esperar ata **1888** para que se lles abran as portas dos institutos e das universidades. E este feito deuse, sen pleno dereito pois aínda non podían obter títulos oficiais e necesitaban do consentimento previo das autoridades para poder matricularse na universidade. Será no ano **1910**, cando as mulleres verán recoñecido completamente o seu dereito á educación superior.

1.2.2. Escolas mixtas (modelo azul con bordo rosado)

En 1970², coa promulgación da Lei Xeral de Educación, implántase un sistema educativo mixto. Esta lei é clave para o avance na educación das mulleres, xa que lles permite ter acceso a logros académicos e exercer profesións, ata a data vedadas para elas... (Raquel Ocaña, 2008:39)

Con esta lei conséguese reunir as nenas e os nenos nun mesmo espazo, as aulas escolares, pero isto faise sen integrar os modelos azul e rosa. Para o novo modelo educativo tómase como central, o modelo educativo masculino (azul), considerado xerárquicamente como máis importante.



Modelo mixto de educación

Modelo mixto de educación

Deste xeito, os nenos seguen co modelo educativo azul, onde se enxalzan as habilidades e os valores supostamente "mascullinos" e se invisibilizan e minusvaloran os tradicionalmente denominados femininos. De modo que se algún, mostraba condutas consideradas minimamente femininas, sería castigado pola burla e o desprezo dos seus compañeiros. (Brotons, Lillo e Simón, 2003:17).

2 Como explican Marina Subirats e Cristina Brullet, "O proceso de unificación curricular atopouse en España especialmente atrasado, como consecuencia da excepcionalidade que supón o franquismo con relación á consolidación de moitos dos trazos típicos de capitalismo" (2002:139)

Tocante ás nenas, desenvolven unha “identidade diverxente”³, xa que se lles esixe, dunha banda, cumprir academicamente co modelo masculino azul, en canto a obter boas cualificacións en matemáticas, ciencias, literatura...e, doutra banda, manter “comportamentos, actitudes e valores propios das mulleres”, para o que tiñan que cursar asignaturas específicas cara a fortalecer aquelas habilidades e valores que lles permitirían cumprir co seu mandato de xénero: “ser boas esposas e nais”. É por iso que falamos dun modelo azul con bordo rosado.

Este modelo parte da base de que mulleres e homes son totalmente contrarios, en corpos e capacidades. Pensábase que as nenas estaban máis capacitadas para o idioma, a literatura e as ciencias sociais, asignaturas menos valoradas socialmente e con menor remuneración profesional. Pola súa banda os nenos, supostamente, eran mellores para as matemáticas, a tecnoloxía, a física e os deportes. Isto condicionou, en grande medida, as posibilidades de traballo para elas e eles.

Aínda que a maioría do persoal docente, de onte e de hoxe, destas escolas, recoñecerían basearse no “principio da neutralidade”, segundo o cal teñen que tratar e atender a todo o alumnado por igual. Atopámonos co que coñecemos como “currículum oculto” ou sexismo implícito⁴, e baséase en que:

“Os estereotipos de xénero e cultura están tan interiorizados na persoa que se transmiten de xeito «natural» e desa mesmo xeito recíbeo o alumnado.... Non existe unha intencionalidade consciente de planificar unha educación discriminatoria, e con todo, todo o mundo o transmite tan ben que é o currículum con máis garantía de éxito” (Begoña Salas, 1994:32).

3 Termo de Brotons, Lillo e Simón.

4 O sexismo implícito ou que non se ve, é un tipo de discriminación por sexo que se manifesta nas actitudes, as normas e os valores do alumnado, do persoal docente e das nais e pais de familia.

Como explican Mariña Subirats e Cristina Bullet⁵, a educación mixta (modelo azul con bordo rosado), xorde a nivel internacional como unha concesión que o Patriarcado fai ao Capitalismo, no seu momento de máximo auxe. É por iso que se revisamos o cadro coas características deste modelo, verémolo pragado das recentemente estreadas, improntas capitalistas: individualismo, obxectividade, competencia, merito...

CADRO 1.2: CARACTERÍSTICAS DAS ESCOLAS MIXTAS

Contidos	-Ciencia -Tecnoloxía -Natureza
Habilidades	-Curiosidade -Causalidade -Comunicación
Valores	-Competencia -Iniciativa -Xuízo Moral
Métodos	-Información -Repetición -Avaliación

Fonte: Brotons, Lillo e Simón (2003:18)


1.2.3. A Coeducación (Modelo lila)

En España aproximadamente a partir de **1970**, diferentes colectivos feministas e de mulleres, senten a necesidade de revisar os modelos educativos desde unha perspectiva de xénero. Empezaron entón, a realizarse numerosos traballos de investigación para analizar o sexismo na educación formal, o que permitiu poñer de manifesto a situación de discriminación que existía. Son estes grupos de mulleres as que no *Feminario de Alacante* (1987), suscitan:

⁵ Para maior información, revisar o seu artigo "Rosa e azul: a transmisión dos xéneros na escola mixta", que aparece en libro coordinado por Ana González e Carlos Lomas: "Muller e educación. Educar para a igualdade, educar desde a diferenza".

"Un proceso intencionado, que busque superar a xerarquización sociocultural de xénero e potencie o desenvolvemento integral de nenas e nenos, partindo dunha realidade de dous sexos diferentes, cara ao desenvolvemento persoal e a unha construción social común e non enfrontados". (Raquel Ocaña, 2008:45)

A proposta do modelo coeducativo consiste en mesturar os modelos masculino (azul) e feminino (rosa), en igualdade de condicións, creando o modelo lila ou modelo coeducativo. Polo tanto este modelo recolle a riqueza que tanto mulleres como homes aportaron ao desenvolvemento evolutivo da humanidade, de maneira que sirva para crear unha nova ética, onde se potencien as características e capacidades de cada persoa, valorando tanto as súas diferenzas, como a igualdade de dereitos e obrigacións de que gozan como persoas.



Modelo coeducativo

Unha das claves neste proceso consiste en revalorizar as habilidades e os saberes tradicionalmente considerados femininos, ata a data infravalorados no sistema educativo. Entre eles:

- "O logro da autonomía persoal e a calidade de vida que dan as habilidades domésticas,
- "e o aumento do autocoidado, o coidado e a empatía cara ás persoas dependentes...

Se observamos o seguinte cadro, poderemos comprobar como no modelo coeducativo, conviven, de xeito igualitario, valores

considerados masculinos (como a xustiza) e femininos (o coidado); e tamén aqueles opostos como razón e sentimentos.

CADRO 1.3: CARACTERÍSTICAS DA COEDUCACIÓN

Contidos	-Paradigmas -Culturas - <u>Relacións</u>
Habilidades	-Sentimentos -En equipo -Instrumentais
Valores	-Coidado -Xustiza -Desenvolvemento
Métodos	-Razón crítica -Creatividade -Acción Positiva

Fonte: Brotons, Lillo e Simón (2003:18)

Resumindo poderíamos definir a coeducación:

"Como un modelo educativo que, partindo da necesidade de convivir, poñer en relación e promover o respecto, a colaboración e a solidariedade entre mulleres e homes, propón que todas as persoas sexan formadas nun sistema de valores, comportamentos, normas e expectativas, que non estea xerarquizado en función do sexo, e á súa vez educa valorando as súas diferenzas individuais e as súas características persoais". (Encina Villanueva, 2011:51)

Desde INTERED, apostamos por falar de coeducación fronte a Educación para a igualdade, porque con este termo córrese o perigo de anular a riqueza das diversidades para enxalzar a existencia de persoas "neutras". Tampouco cremos no "principio da neutralidade escolar" xa que pensamos que a concienciación do persoal docente é clave para o cambio:

"O modelo da escola coeducativa parte de que o profesorado recoñece as formas coas que o sexismo se dá no centro educativo e ata chega a recoñecerse como

*parte responsable da produción desta desigualdade.”
(Amparo Tomé en Carlos Lomas, 1999:174)*

Para a transformación da escola mixta en escola coeducativa cómpre que toda a comunidade educativa, teña claro cales son os principais cambios que deben darse, é o que denominamos **principios da coeducación**. No próximo cadro enumerámolos, confrontándoos cos alicerces da educación tradicional que deberían modificarse.

CADRO 1.4.: PRINCIPIOS DA COEDUCACIÓN

Alicerces da educación tradicional	Principios da coeducación
A discriminación por razón de sexo	A igualdade de oportunidades
As identidades de xénero	A identidade persoal, recoñecendo as diferenzas dos corpos
A división xenérica do traballo	A corresponsabilidade na vida pública e privada
A violencia de xénero	A concordia entre as persoas
A negación dos corpos	A educación afectiva e sexual

Fonte: Elaboración propia en base a Brotons, Lillo e Simón (2003:16)

2

CAPÍTULO

Revisando a nosa experiencia





2.1. POR QUÉ ESTE CAPÍTULO?

Durante o ano académico 2010-2011, no marco do proxecto "*Cara a unha cidadanía INCLUSIVA no ámbito rural galego. Educar sumando, a fórmula do cambio*", impulsase un proceso de sensibilización-acción en coeducación nas áreas de Mondoñedo (Lugo) e Viana do Bolo (en Ourense), con profesorado de 14 centros educativos (incluíndo niveis que van desde infantil a bacharelato).

Unha das características clave do devandito proceso foi a participación activa do profesorado na elaboración de pequenos traballos de investigación-acción nos seus propios centros educativos que serviron para nutrir de forma práctica, os contidos teóricos que se desenvolveron periodicamente nos obradoiros presenciais.

Esta primeira etapa do proxecto tiña como obxectivo a sensibilización do profesorado e a elaboración dunha diagnose sobre a situación de xénero que se vivía nos diferentes centros educativos, a nivel: administrativo, pedagóxico, do campo de xogos, do material didáctico...

O propósito do presente capítulo é realizar unha interpretación crítica da lóxica do proceso vivido, recollendo os aprendizaxes clave, que permitan a outros colectivos e a nós mesmas, a réplica mellorada desta experiencia, noutros centros educativos.

Para facelo, partiremos de situar o contexto no que se desenvolveu o proxecto, para logo afondar nos compoñentes que consideramos importantes para a análise como o son: o modelo do curso, a metodoloxía empregada para o desenvolvemento dos contidos, o proceso de investigación-acción e o sistema de avaliación utilizado.

Para enriquecer o capítulo, á parte de dar as nosas apreciacións, contaremos coas palabras textuais do profesorado participante (destacadas en cursiva) que de forma anónima recolleemos na derradeira sesión de traballo.

2.2. HISTORIA DUN PROCESO

Desde que INTERED comeza o seu traballo en Galicia, propónse traballar a **nivel rural**, especialmente dende o ano 2004-2005, por ser un dos ámbitos de menor presenza das ONGDs e pola nosa aposta por este ámbito. InteRed, polo seu quefacer, centra o seu traballo nos Centros Educativos, cunha proposta de Educación para o Desenvolvemento, que traballa dende o enfoque de Xénero e de Dereitos Humanos.

Tras varios anos traballando con centros educativos das zonas de Mondoñedo (Lugo) e Viana do Bolo (Ourense), a temática de **xénero** xorde como unha demanda concreta por parte dalgúns equipos directivos. Onde se realza a importancia de tratar dito tema, en palabras do director do IES Carlos Casares, Luís Fernández:

"Para conseguir unha sociedade cunha maior igualdade entre mulleres e homes, de xeito especial na bisbarra onde vive o noso alumnado, caracterizado por un patrón de desigualdade de xénero moi establecido. A escola, neste contexto, é o principal elemento de cambio".

Tiñamos claro que aínda que era importante sensibilizar e traballar con toda a comunidade educativa, debíamos facer fincapé no **profesorado**. Xa que como elas e eles din "O profesorado é un colectivo coa mente aberta que impulsa o cambio e levará á transformación". Nós poderíamos realizar actividades puntuais co alumnado o as familias, mais se lográbamos concienciar e formar, o profesorado o cambio sería continuado.

Outra das características do labor de INTERED Galicia, dende os comezos, é o **traballo por zonas** ou áreas de influencia. Tendo en conta que os pobos onde desenvolvemos o noso labor, xeralmente están bastante afastados, polo que non chega demasiada oferta formativa, parécenos que un xeito de maximizar os recursos, e non centrar as actividades nun só establecemento educativo, senón no conxunto de centros existentes na rexión e converxentes nun punto central (neste caso os IES).

É máis, dende os propios IES xurdía a necesidade de traballar cos centros responsábelas das primeiras socializacións (infantil e primaria) e que logo confluían onda eles, cara a intentar atallar o tema de xénero dende idades temperás.

E así que no ano 2010, desde a Sede de INTERED lógrase asinar coa Axencia Española de Cooperación –AECI o Convenio: *“Unha proposta socio-educativa para a transformación social: Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, con enfoque de Xénero e de Dereitos Humanos”*, para traballar con centros educativos de toda España. No caso de Galicia selecciónanse dous institutos, o IES San Rosendo (Mondoñedo) e o IES Carlos Casares (Viana do Bolo).

Neste contexto a Xunta de Galicia aproba o proxecto “Cara unha cidadanía INCLUSIVA no ámbito rural galego. Educar sumando, a fórmula do cambio”, como parte dunha campaña máis ampla que se estaba a desenvolver a nivel nacional *“Educar sumando a fórmula do cambio. A educación inclusiva motor do desenvolvemento humano”*. O obxectivo xeral que se prantexa neste documento consiste en:

“Promover o desenvolvemento da educación inclusiva como estratexia para a consecución dunha sociedade galega máis xusta e equitativa especialmente no ámbito rural e universitario”.

Este proxecto propónse para dous anos, no primeiro, a idea era traballar a sensibilización e diagnose da situación de xénero nos centros educativos. No segundo ano, e en base á priorización de problemas detectados, o obxectivo era construír colectivamente ferramentas para transformar a realidade de xénero nos diferentes centros educativos. Pero este segundo financiamento non se logrou, polo que o proceso quedou troncado, xa que como o mesmo profesorado di *“faltaron propostas concretas de traballo na aula”*. Si se sensibilizou, e tomou conciencia da necesidade de cambiar a realidade dos centros educativos en canto ao xénero, mais aínda que houbo pequenas experiencias individuais de cambio, non se logrou traballalo de xeito integral en cada centro.

Esta é unha das primeiras aprendizaxes que nos deixa a experiencia, en canto a ofrecer procesos, tal vez menos ambiciosos que permitan no pequeno-inmediato tempo, pechar o ciclo de: partir da práctica- teorizar- volver á práctica mellorada.

2.3. MODELO DO CURSO

Unha vez aprobada a primeira etapa do proxecto, tivemos que decidir se impulsabamos un proceso formativo independente, só dende INTERED ou en coordinación co sector educativo formal. Decantámonos pola segunda opción, por dous motivos concretos:

- Por unha banda, para asegurar a incorporación na axenda formativa dos Centros de Formación de Recursos CFRs o tema de xénero, facendo así realidade o artigo 7 da LOVG, 2004, que textualmente di:
"As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para que nos plans de formación inicial e permanente do profesorado se inclúa unha formación específica en materia de igualdade, co fin de asegurar que adquiran os coñecementos e técnicas necesarias".
- Pola outra, para atraer a participación continuada do profesorado, que ten que asegurar a súa presenza nos obradoiros, para lograr conseguir os créditos correspondentes.

Para levalo a cabo, tras presentar o proxecto, e conseguir a aprobación na Xunta de Galicia, envíanse as propostas ós CFRs correspondentes. Nelas pídeselles o apoio para avalar un total de 35 horas lectivas, das cales 27 son presenciais (incluíndo formación, posta en común e avaliación), e 7 son non presenciais (para a realización dos traballos nos centros educativos).

Unha vez admitidos os cursos polos CFRs, eles mesmos facían a invitación aos centros educativos das zonas, para que o

profesorado se apuntase, feito que serviú para revalorizalos, pois entendíase que contaba co apoio oficial.

Como requisito ao longo das presenciais, á parte de encher as planas de participación propias de INTERED, tiñamos que cubrir as dos CFRs, o que lles permitiu verificar o total de horas da asistencia do profesorado ós obradoiros, de cara a conseguir os correspondentes créditos.

Unha vez rematado o proceso, pídennlle ás persoas participantes que fagan unha avaliación xeral do curso, que no noso caso resultou ser moi favorábel.



Membros do CFR de O Barco visítanos en Viana

2.4. O PROFESORADO PARTICIPANTE

Os centros educativos que se implicaron no proceso formativo, todos eles públicos, foron:

CUADRO 2.1.: CENTROS EDUCATIVOS DO PROFESORADO PARTICIPANTE NO PROXECTO

En Mondoñedo	En Viana do Bolo
CEIP Álvaro Cunqueiro Mora, Mondoñedo	Preescolar na casa
CEIP Antonio Pedrosa Latas, Viveiro	CPI Laureano Prieto, A Gudiña
CEIP de Foz nº1	CEIP San Martiño, Vilariño de Conso
CEIP San Miguel de Reinante, Barreiros	CEIP Eduardo Avila Bustillo, A Veiga
IES Dionisio Gamallo Fierros, Ribadeo	CEIP Bibeí, Viana do Bolo
IES Terra de Trasancos, Narón	CEIP Amparo Refojo, Verín
IES Vilar Ponte, Viveiro	IES Carlos Casares, Viana do Bolo
IES San Rosendo, Mondoñedo	

Fonte: Elaboración propia

Inicialmente, involúcrase no proxecto un total de 14 profesores e 38 profesoras. Respecto da avaliación, o profesorado fai fincapé en que *"aínda que as mulleres están nun maior número, a boa presenza de homes (nun curso sobre igualdade), é sinal de cambio e esperanza de presente e futuro"*.

CUADRO 2.2.: PROFESORADO PARTICIPANTE NO PROXECTO Ó INICIO E PROFESORADO QUE OBTIVO CERTIFICACIÓN Ó REMATAR O CURSO

MONDOÑEDO			
	Inician	Con certificado	%
Homes	4	3	75%
Mulleres	12	8	67%
Subtotal	16	11	69%
VIANA DO BOLO			
Homes	10	3	30%
Mulleres	26	13	50%
Total	36	16	44%

Fonte: Elaboración propia

As persoas máis constantes ó longo do curso, son as que logran acadar as horas programadas cos CFR e as que polo tanto optan a certificación. En total foron 6 homes e 21 mulleres o que fai un total de 27 persoas, entre as áreas de Mondoñedo e Viana.

Entre as características principais das persoas participantes podemos salientar as seguintes:

- As idades oscilaban entre os 23 e os 59 anos, cun promedio aproximado de idade arredor dos 37 anos.
- En total había 7 persoas docentes de infantil, 15 de primaria, 7 de secundaria, 9 que combinaban o traballo en diferentes graos e 4 persoas dos servizos sociais.
- Os anos de docencia das persoas participantes, van dende 1 ano ata 22, cun promedio aproximado 10 anos traballados.



Profesorado de Mondoñedo e bisbarra



Profesorado de Viana do Bolo e bisbarra



2.5. METODOLOXÍA E CONTIDOS DOS OBRADOIROS

Para o deseño dos obradoiros partimos da noción da **Pedagoxía da Esperanza** de Paulo Freire. Quen en busca de lograr a liberdade individual e colectiva propón buscar a liberdade das oprimidas e oprimidos por medio da educación. Segundo esta, as e os oprimidos libéranse da opresión cando toman conciencia da súa situación e cambian a súa práctica, en función da esperanza.

Esta corrente metodolóxica adáptase perfectamente ao traballo de sensibilización e concienciación sobre a igualdade de xénero, porque parte de que:

"A liberación entre persoas opresoras e persoas oprimidas é simultánea, mais ámbalas dúas partes teñen medo á liberdade, polo cambio que iso supón nas súas vidas: as primeiras por medo a perdela, e as segundas por medo a asumila" (Colectivo el Telar en Caínzos, 2007: 99)

Estamos entón no marco dun proceso educativo que ten como obxectivos principais a promoción de cambios nas persoas no que se refire ao sistema de ideas, crenzas, valores, actitudes e condutas. No seguinte cadro, podemos ver as principais características da educación popular:

CUADRO 2.2.: ELEMENTOS DA EDUCACIÓN POPULAR

Elementos	Sistema da educación popular
Enfoque pedagóxico	Pedagogía crítica, construtiva e liberadora
Obxectivos educativos	Obxectivos de proceso, aplicables para transformar a realidade social, política e económica.
As e os participantes	-Activas/os, protagonistas da súa aprendizaxe. -Críticos/as. -Dialogan, son creativas/os. -Participativos/as, solidarias/os.
Equipo de facilitación	-Son asesoras/es pedagóxicos -Acompañan o proceso educativo, que se dá en dobre vía. -Só son unha parte das e dos actores do proceso.
Contidos	Concretos, locais, variables.
Metodoloxías	-Participativa. -Rexeita técnicas memorísticas. -Fomenta a solidariedade e a organización.
Recursos didácticos	-Elaborados polo equipo facilitador, as e os participantes. -Non caros, aprovéitanse materiais de refugallo.

Fonte: Hernández, Rosalinda en Caínzos 2007:102.

Retomamos ademais, elementos da **aprendizaxe cooperativa**, mesmo que ten por obxectivo non só é conseguir que as persoas aprendan contidos, senón que aprendan a relacionarse, a convivir, a aceptar as diferenzas (incluídas as de sexo) e a interdependencia. Trátase de favorecer que as persoas *"aprendan a aprender das e dos demais, cos e coas demais, e, sobre todo, que aprendan a facer as cousas en conxunto"* (Fabra, Lluís en Caínzos, 2007 :100).

Todo isto en consonancia coa idea que dende INTERED temos **da Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global –EpDCG** como:

"un proceso socio-educativo continuado que promove unha cidadanía global, crítica, responsábel e comprometida, a nivel persoal e colectivo, coa

transformación da realidade local e global para construír un mundo máis xusto, máis equitativo e máis respectuoso coa diversidade e co medio ambiente, no que todas as persoas poidamos desenvolvernos libre e satisfactoriamente". (Aguado, Guillermo 2010:5)

Como xa dixemos anteriormente, os obxectivos para o primeiro ano do proxecto, consistían en sensibilizar o profesorado e facer colectivamente a diagnose da situación de xénero dos diferentes centros educativos.

Para asegurar a participación activa, crítica, dialóxica e creativa do profesorado, cada obradoiro de aproximadamente 2 horas e media, constaba de **tres momentos**:

- No primeiro, o profesorado e axentes sociais mostraban dun xeito creativo os resultados do proceso de investigación-acción desenvolvido nos seus centros educativos, dende o anterior presencial. Deste xeito pasaban a facilitar ao partir da práctica de cada obradoiro.
- No segundo momento, correspondente á teorización, desenvolvíanse os contidos correspondentes ao día, dun xeito dinámico e participativo.
- No terceiro e derradeiro, relacionado co volver á práctica, explicábase o novo traballo de investigación-acción que terían que facer e entregábaselles outra batería de ferramentas. (Isto explicase máis no seguinte numeral).

Con respecto ao **equipo de facilitación**, como o tema transversal era o de igualdade de xénero, interesábanos especialmente engadir a homes e a mulleres; ademais de procurar unha presenza intercultural. Coincidimos co profesorado en que é *"fundamental encontrar estratexias para implicar ós homes no camiño cara á igualdade"*



Paz Caínzos e Germán Vargas facilitando distintos obradoiros

A continuación presentamos os **contidos** xerais desenvolvidos nos obradoiros ao longo do proceso formativo, xunto ás persoas responsábeis de facilitalos. Como se poderá observar correspóndense cos piares da coeducación expostos no primeiro capítulo.

CUADRO 2.3.: CONTIDOS E PERSOAS FACILITADORAS

Título dos presenciais	Facilitadoras/es
1. Sensibilización en xénero e coeducación	Paz Caínzos Rodríguez
2. Igualdade formal versus igualdade real	Noelia García Camiña Paz Caínzos Rodríguez
3. Da división xenérica do traballo á corresponsabilidade	Carmen Morán (Viana) German Vargas Callejas (Mondoñ.) Paz Caínzos Rodríguez
4. Da identidade de xénero á identidade persoal. Masculinidades (3 obradoiros)	Larry José Madrigal Rajo Walberto Virgil Tejeda Guardado
5. Da violencia de xénero á cultura de paz	Paz Caínzos Rodríguez

Fonte: elaboración propia

Na planificación inicial, contemplábase desenvolver un módulo específico chamado "Da negación dos corpos a educación afectivo-emocional e sexual". Mais para aproveitar a presenza de Larry José Madrigal Rajo e Walberto Virgil Tejeda Guardado,

do Centro Bartolomé das Casas do Salvador, acordouse que eles retomaran esta temática dentro dos obradoiros que traballaron sobre identidades. De feito nótase que calou, xa que un dos comentarios positivos recibidos na avaliación final foi a seguinte:

"A SENSACIÓN, a partir das dinámicas de grupo, o encontro con Walberto e Larry, os momentos de risas e humor, dá idea de que nada no mundo (nin no plano profesional, nin no persoal), se pode levar a cabo desprovisto de AFECTO".

En xeral todos os módulos foron avaliados moi positivamente polo profesorado. Mais dende o equipo de facilitación, destacamos coma aprendizaxe os tres obradoiros sobre identidades e masculinidades, porque pola súa metodoloxía vivencial e contidos, lograron desbloquear as persoas participantes facéndoo pasar da reflexión sobre o enfoque de xénero, do plano profesional ó persoal, para expoñer o cambio a transformación dende aí.

O xogo como recurso didáctico é un dos principais elementos da Educación Popular, onde *"se xoga por xogar e se xoga por aprender"*. En cada tema introdúcese un xogo, técnica ou dinámica que *"facilite a comunicación entre as persoas participantes e destas coas persoas facilitadoras, que provoque la participación que incite a la indagación e á análise."* (Equipo Maíz, en Caínzos, 2007:123)



Facemos fincapé nas dinámicas, porque se converteron nun dos puntos de tensión do proceso formativo, sobre todo no

grupo de Viana do Bolo. Así na avaliación final puidemos atopar tanto valoracións moi positivas, coma moi negativas:

CUADRO 2.4.: RESUMO DE AVALIACIÓNS QUE FAN REFERENCIA ÁS DINÁMICAS

Valoracións positivas	-Xogos divertidos que fixeron grupos -Clave pola súa utilidade na aula -Importante pola súa simplicidade á hora de aplicalas -Son o xeito máis eficaz para traballar con adolescentes -Facilitan a detección de estereotipos de xénero -O que máis me gustou foi a dramatización do conto da Cincenta e a reflexión sobre as diferentes visións dunha mesma historia.
Valoracións negativas	-A actividade en que me sentín menos a gusto, foi a de identificación de sons de animais, sentínme un pouco ridícula. -Perder a "compostura" cando tocaba xogar o facer dinámicas. -Ás veces, sentido do ridículo con algunhas actividades de bailar, tocar o compañeiro, etc. -Axudan a perder o "fio condutor" dos temas a tratar. *Non me gustou a actitude dalgunhas persoas nas dinámicas de grupo.

Fonte: Elaboración propia

Dende o equipo de facilitación, o uso das dinámicas, tanto de animación como substantivas, parécenos imprescindíbeis para asegurar un eficaz proceso metodolóxico. Mais a aprendizaxe estaría, en detectar a tempo estes puntos de tensión, buscando medidas paliativas de cara a flexibilizalos: ben reforzando o proceso de integración das persoas participantes (xogos cooperativos); ben coidando a selección de dinámicas a empregar; ou ben tomando medidas concretas ante subgrupos especialmente conflictivos.

6. PROCESO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN

"Educar para transformar" é a máxima da Educación Popular, educar coma toma de conciencia que conleva un cambio no quefacer persoal e colectivo. Por iso, a derradeira etapa da triplete metodolóxica (práctica-teoría-práctica), o **regreso á práctica**, pecha o proceso dialéctico, voltando á practica para

transformala e melloralala, para cambiar o noso propio xeito de ver, sentir e pensar as cousas, e para trocar a realidade mesma, ir superando problemas, achegándonos máis ás metas que nos trazamos.



Profesoras de Mondoñedo presentando os resultados da súa investigación.

Os tres pasos, práctica-teoría-práctica, non constitúen un proceso automático ni mecánico. A formulación é aprender dende a práctica (experiencias recollidas na aula), para voltar a ela con novos elementos (coma a equidade de xénero). Non se trata de menosprezar a teoría senón de situala nunha lóxica que a faga útil, como ferramenta. Cada paso é indispensable no proceso e vai concatenado ós outros dous.

Para concretar este terceiro paso da tripla metodolóxica, propuxemos ó profesorado a elaboración de pequenas **investigacións exploratorias** da realidade de xénero que se vivía nos seus centros educativos. Para nós este tipo de investigación consiste en.

"Chámanse exploratorias, a aquelas (investigacións) que serven para establecer un determinado diagnóstico dunha situación ou feito concreto, levan a unha definición máis clara da situación tendo en conta os factores que a determinan. Teñen características similares ás investigacións descritivas porque non teñen hipóteses específicas e tampouco chegan a explicacións causais sobre o obxecto de estudo, tamén se utilizan para descubrir unha situación específica ou un feito social". (García, Susana. 1999:25)

Aínda que inicialmente estaban propostos máis temas, ó final os ámbitos investigados foron o patio de xogos, a comunidade educativa, os materiais didácticos empregados, e a organización e administración dos centros. En todos eles a clave estaba en revisar o **mainstreaming o transversalidade de xénero**, é dicir:

"É a (re)organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos para incorporar, por parte das e dos actores involucrados, unha perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de todas as políticas" (Consello de Europa en García, Adela. 2009:60)

Para o primeiro ano do proxecto, o obxectivo era facer a diagnose de xénero; para logo no segundo ano responder ás necesidades, con estratexias concretas de acción, (o que logo quedou truncado). Por iso o proceso levado a cabo para cada etapa de diagnose foi o seguinte:

1. Na derradeira etapa dun obradoiro, explicábase ó profesorado o ámbito educativo a investigar e dábanlles unha batería variada de ferramentas para poder abordar o tema.
2. No período entre presenciais. Cada persoa ou grupo, tiña que:
 - Encher a súa matriz de "proxecto de investigación" (ver anexos), onde brevemente tiñan que definir o suxeito e obxectivo da investigación, definir o problema ou hipótese, e describir as estratexias metodolóxicas, de análise e divulgación que ían seguir.
 - Isto incluía, elixir entre as diferentes ferramentas entregadas, cal ou cales ían empregar. Ademais de facer a correspondente adaptación das mesmas, en función da realidade e das persoas coas que ían traballar, para logo empregalas dun xeito eficaz.
 - Despois disto, chegaba o momento de facer a análise dos resultados dende a perspectiva de xénero.

3. Cada novo presencial, comezaba coa exposición por parte do profesorado, dos principais achados atopados durante o proceso de investigación. A divulgación podía facer de forma narrativa ou dun xeito creativo.
4. Todo o material de investigación recollíase, co obxectivo de ser sistematizado, de cara a compartir as experiencias de cada centro educativo cos demais.

A continuación damos a coñecer, as baterías de ferramentas que se entregaron ó profesorado, para o traballo dos diferentes temas. Poden consultarse as mesmas, no apartado de anexos.

As mesmas facíanselles chegar, a cada persoa, por medio de correo electrónico. Á parte dalgúns retrasos, ou dalgunhas **ferramentas** que por cuestión de tempo non puideron ser traducidas ó galego, en xeral este sistema funcionounos ben e permitiunos ser coherentes co coidado do medio ambiente. Engadir ademais, a importancia de detallar sempre as fontes das que sacamos as ferramentas, primeiro por respecto á autoría e segundo por se alguén quería profundar un pouco máis.

Con cada tema dábaselles un pequeno documento de **apoio teórico**, coa idea de axudarlles a orientar os obxectivos concretos da súa investigación e de cara a facilitar a análise da información recollida.

CUADRO 2.5.: FERRAMENTAS ENTREGADAS PARA A INVESTIGACIÓN-ACCIÓN

Ámbito educativo	Ferramentas para a investigación
Comunidade Educativa	➤ Apoio teórico: <i>Coeducación e familia</i> ➤ Enquisas sobre o tipo de familias e o traballo de coidados¹ -<i>Enquisa para o alumnado sobre a familia e matriz para valorala.</i> -<i>Enquisa sobre gustos e aficións para o alumnado</i> -<i>Enquisa para as familias</i> -<i>Enquisa para o pai ou titor legal,</i> -<i>Enquisa para a nai ou titora legal</i> ➤ Enquisas sobre actitudes e comportamentos do alumnado² -<i>Educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria</i> -<i>Segundo ciclo de primaria</i> -<i>Terceiro ciclo de primaria e secundaria.</i> ➤ Enquisas sobre estereotipos sexistas do profesorado³ : -<i>Cuestionario</i> -<i>Pauta para unha posíbel valoración</i> ➤ Enquisa sobre expectativas do profesorado⁴ ➤ Enquisa de actitudes e comportamentos do alumnado facia o profesorado⁵ ➤ Enquisa sobre actitudes e comportamento das familias⁶
Material didáctico	➤ Apoio teórico: Guía rápida para unha linguaxe non sexista⁷ ➤ Pauta de observación de libros de texto⁸ ➤ Guía de observación de libros de texto, cadernos do alumnado, carteis, murais, etc⁹. ➤ Ficha de revisión e análise de materiais curriculares dende unha óptica coeducativa¹⁰
Patio de xogos	➤ Apoio teórico: "<i>O espazo de xogo:escenario de relacións de poder.</i>"¹¹ ➤ Observación espacial do patio en xeral.¹² ➤ Fichas para o estudo do patio de xogos¹³ - F1: Observación xeral do patio - F2: Observación espacial do patio en xeral - F3: Observación específica dunha zona - F4: Enquisa ao alumnado: Representacións sobre o xogo. - F5: Enquisa ao alumnado: Percepción do alumnado sobre o patio de xogos
Linguaxe no centro educativo	➤ Pauta de observación da linguaxe oral e escrita¹⁴ - Guía de observación para regulamentos internos e prospectos promocionais¹⁵.
Masculinidades	Tiñan que buscar experiencia positivas de mulleres e homes que estiveran a traballar o tema de igualdade de xénero.

Fonte: *Elaboración propia*

Na parte de elaboración dos **traballos de investigación-acción**, tal vez polo recente do tema, foi onde atopamos máis detalles de cara á aprendizaxe. De forma xeral, destacar as seguintes observacións xerais:

- Os traballos podían facerse de forma individual e colectiva, independentemente de que dun centro educativo viñeran unha o máis persoas. Iso era elección libre do profesorado. De feito nalgúns casos, ata se implicou a docentes que non estaban no curso.
- Pensamos que a matriz do proxecto de investigación (anexo 1), axudou a orientar os procesos particulares, levados a cabo en cada centro. Aínda que non sempre se cubriu ou se nos fixo chegar.
- Sorprendeunos positivamente o proceso de adaptación dalgunhas ferramentas de investigación, e a creatividade desenvolvida polo profesorado para construír outras totalmente novas.
- Atopamos bastantes diverxencias, na dimensión e profundidade das investigacións realizadas para cada tema. Dende xente que optaba pola opción que requirira o mínimo esforzo, ata outra que para un mesmo tema, empregaba varias ferramentas e estendiase na análise do mesmo.
- As veces aínda que se empregaron as ferramentas, logo non se fixo unha análise detallada dos achados que suxerían.
- A análise dende unha perspectiva de xénero, variou un pouco en función do grao de sensibilización persoal que había sobre o tema... aínda que en ocasións a realidade era tan abafadora que os datos cuantitativos daban conta, por si sós, da desigualdade existente.
- En xeral, tamén houbo moita riqueza e diversidade no xeito de presentar os resultados das investigacións ao resto do profesorado. Puidemos ver: vídeos, debuxos, fotos de materiais didácticos, estatísticas.... Isto permitiu o intercambio de experiencias, de realidades, de análises.

- Segundo os centros educativos, e de cara a facer a diagnose de xénero, tamén houbo diferenzas na profundidade con que se traballaron os diferentes temas. Ao mellor un aparece superdesenvolvido, e outro tócano dun xeito superficial ou nin o tocan.
- De aí, que aínda que ao final, se lles pedise que encheran unha matriz de priorización por centros, realmente esta non chegou a ser representativa da realidade xeral vivida en cada centro.
- De cara á sistematización, un erro pola nosa banda, foi non solicitar, dende o principio, que se nos entregara toda a información referida ás investigacións (matriz, ferramentas adaptadas e análise), en formato electrónico, e non deseñar un ficheiro interno para obtelas dun xeito ordenado.
- A sistematización dos principais achados, aparece recollida no terceiro capítulo deste libro. Facer fincapé na importancia dese capítulo, primeiro como intercambio de experiencias entre o profesorado participante dos diferentes centros e zonas; e segundo coma mostra clara do traballo que está a facer o persoal docente, do sector público, para mellorar o sistema educativo actual.

A experiencia en xeral foi moi positiva, mais pensamos que pode ser mellorada, limitando un pouco máis os temas a investigar e as ferramentas a usar, para chegar a unha análise máis profundo da realidade de xénero nos diferentes ámbitos. Cómpre engadir, que como equipo de facilitación pensamos que a cada diagnose dun determinado ámbito, debería seguir de xeito inmediato, a formulación de propostas para melloralo (cambios no regulamento, unidades didácticas, etc).

Malia todo o anterior, o proceso de investigación-acción, aínda que para algunhas das persoas participantes, foi un punto de tensión polo traballo que implicaba, resultou ser un dos piares do proceso de concienciación individual e colectiva ó constatar nas aulas as desigualdades reais que aínda existen. Como confirman as seguintes palabras do profesorado:

"Grazas a isto estamos máis mentalizados cos temas de xénero, e vimos que isto podemos levalo á práctica no noso centro e incluso pode ser fácil".

"Considero negativo a realidade que puiden ver que existe nas aulas, sobre o referente ó xénero. Váleme como aprendizaxe xa que me impulsa a seguir formándome e traballando neste ámbito, mais paréceme moi duro darme conta de que aínda existen estereotipos e crenzas moi arraigadas que se transmiten de xeración en xeración".

"Estamos máis sensibilizados co tema e decatámonos de detalles que anteriormente pasaban desapercibidos e agora salientamos e procuramos analízalos e cambialos se for mester".

7. PROCESO DE AVALIACIÓN

A fase de avaliación é un proceso onde se analiza o impacto dun proceso, en termos de éxito o fracaso, de acordo cos obxectivos fixados e a estratexia empregada para a execución. Dende o principio, propuxémonos impulsar un sistema de avaliación que cumprira coas características da educación popular.

CUADRO 2.6.: AVALIACIÓN E EDUCACIÓN POPULAR

Elementos	Sistema da educación popular
Avaliación	-Dáse en dobre vía. -Avaliación cualitativa. -Mide a apropiación dos contidos -Mide o desenvolvemento, os cambios de actitude, o logro dos produtos, a creatividade, a capacidade de relacionarse... -Conduce á autoavaliación

Fonte: Hernández, Rosalinda en Caínzos 2007:102.

Para elo, empregamos as seguintes ferramentas:

- *Enquisa sobre o perfil das persoas participantes.*- Pasada na primeira sesión de traballo, de cara a coñecer

o perfil medio das persoas coas que iamos traballar, sei previamente recibiran algún obradoiro sobre xénero, o xeito de comunicarnos...(Ver anexo 6.1)

- *Enquisa sobre prácticas e contidos*, (Ver anexo 6.2).- Cubertas de xeito anónimo na primeira e na derradeira sesión do traballo. A primeira permitiunos ter unha liña basal sobre os coñecementos e as prácticas cotiás do profesorado ao inicio do curso. A segunda, exactamente igual á primeira, serviunos para valorar o peso transformador do curso sobre o profesorado, tanto a nivel de apropiación dos contidos, como a nivel de cambios de actitude ante un mesmo tema.
- *Enquisa ó final de cada presencial*, (Ver anexo 6.3).- Onde persoalmente e de forma anónima, o profesorado avaliaba de xeito cualitativo e cuantitativo, os aspectos metodolóxicos, participativos e relativos á facilitación de cada obradoiro.
- *Avaliación final*.- Para rematar, na derradeira sesión, por medio de tarxetas de cores invitóuselles a expoñer libremente os aspectos máis positivos e máis negativos de todo o curso.



Profesorado de Viana participando na xornada de avaliación final.

Con todo isto, recollemos unha información moi valiosa cara a mellorar futuros proxectos en xeral, e formativos en particular. Puidemos ademais apreciar os resultados do proceso, o que ilustramos aquí citando literalmente algunhas das palabras do profesorado:

- A nivel persoal: *"Vin non só como docente senón como ser humano, da importancia de implicarme e comprometerme a participar e aportar as miñas ideas para lograr unha educación inclusiva e a igualdade real entre os nenos e as nenas".*
- Como corpo docente: *"Formarse en temas de xénero con outros compañeiros que traballan nunha mesma realidade, o que enriquece o noso quefacer como docentes". "Intercambio de ideas con profesionais da educación e de experiencias nos seus respectivos centros educativos".*
- Homes e mulleres: *"Para que haxa corresponsabilidade ten que haber concienciación por parte de todos. Homes e mulleres (debemos traballar isto no noso entorno familiar e social) aínda que ás veces non é doado"*
- Nas aulas: *"A necesidade de integrar estes elementos xa en idades temperás para lograr unha acertada educación: coeducación. Queda moito camiño por andar". "Os debates que tiveron lugar nas miñas clases de titoría despois dalgunhas sesións do curso, respecto dos temas tratados".*
- Na sociedade: *"A medida que ía avanzando o curso, decateime da realidade que existe nesta sociedade, e da necesidade dun cambio real na mentalidade dos homes e das mulleres, e dunha conciencia dun modelo que nos leve a unha igualdade e unha coeducación." "É necesario un cambio radical na mentalidade da nosa sociedade".*

Coma equipo de facilitación, pensamos que o punto feble a nivel da avaliación, estivo no apartado da investigación-acción. Se ben se falou co profesorado de cara a mellorar esa parte do proceso, non se construíron ferramentas específicas para facelo, nin se adaptaron as xa existentes para engadilo.

Isto mesmo fixo, que non houbera criterios establecidos para valorar en cantidade e calidade os traballos de investigación-acción, de cara a puntuar no cómputo total de horas facilitadas

por cada persoa ó curso, co fin de conseguir os créditos establecidos.

Queremos rematar este capítulo, coas palabras de Mafalda que nos lembraba ao profesorado no derradeiro obradoiro: *"Non sería máis progresista preguntar, onde imos seguir en vez de, onde imos parar?"*



3

CAPÍTULO

O xénero nos centros educativos





Queremos rematar esta sitematización, volvendo ao quefacer coeducativo nos centros educativos. Cando planificamos o proxecto, partimos de que as **medidas de acción afirmativa**, son *"todas as iniciativas políticas e sociais encamiñadas a identificar as prácticas discriminatorias e substituílas polas que contribúen á igualdade de oportunidades"*. (Brotons, Lillo e Simón, 2003:23)

É por iso que se aproveitaron os traballos de investigación-acción que o profesorado de forma individual ou colectiva realizaba nos seus centros educativos, para identificar as prácticas discriminatorias que se daban nos centros educativos con respecto á igualdade de xénero.

Isto, amais de permitir comezar cada sesión de traballo, partindo da realidade que se vivía nos centros educativos, serviunos para observar a situación da "igualdade real" versus a igualdade formal que nos suscitan as leis e políticas públicas.

Como se explicou detidamente no capítulo anterior, para cada traballo de investigación-acción facilitábase unha batería de ferramentas, cada persoa ou grupo seleccionaba a que lle parecía e adaptábaa á súa realidade educativa. É por iso que non temos unha única ferramenta presentada de forma estandarizada en diferentes centros, senón unha rica diversidade de ferramentas, e adaptacións moi interesantes con respecto aos diferentes niveis educativos, situación que permitiu enriquecer o produto que lles presentamos.

O que mostramos no presente capítulo é un resumo dos principais aportes recollidos nos traballos elaborados polo profesorado, os mesmos que esperamos poidan servir para sensibilizar ás comunidades educativas coas que traballamos e para multiplicar a experiencia, en novos centros educativos.

Cómpre aclarar que a idea é "identificar as prácticas discriminatorias" que actualmente se dan nos centros educativos, pero este só é o primeiro paso. O segundo, consistiría en suscitar alternativas que nos permitan encamiñarnos á igualdade real entre mulleres e homes, obxectivo que deixamos na mesa para que o recollan as diferentes comunidades educativas.

Comezaremos transmitindo a análise que parte das e dos participantes fixeron da súa comunidade educativa, para logo observar como está, ou non, aplicada a perspectiva de xénero a nivel do material didáctico, patio de xogos, linguaxe administrativa e no que respecta á xestión e organización dos centros¹.

3.1. ACHADOS NAS COMUNIDADES EDUCATIVAS

Polo menos en tres dos centros educativos participantes, fíxose especial fincapé en coñecer a situación de partida das familias. Ao longo do presente apartado, estaremos analizando a información recollida polo profesorado dos seguintes centros:

- **CEIP Antonio Pedrosa Latas de Celeiro²**, en Viveiro, Lugo, que fai as enquisas ao alumnado de 3º de primaria. Participan 14 familias.
- **CEIP Laureano Prieto³ da A Gudiña**, Ourense que pasan as enquisas ao alumnado de 3º ciclo de primaria e ao 4º curso da ESO. Participan 13 familias.
- **CEIP Eduardo Avila Bustillo⁴ da Veiga**, en Ourense, que traballan co alumnado de todo o centro educativo. Participan 19 familias.

Da análise conxunta de todos eles, podemos concluír que aínda que maioritariamente se dá o modelo de familia nuclear (nun 71% dos casos); cada zona ten a súa especificidade, de maneira que en A Gudiña, destaca o alto número de fogares monoparentais (31% do seu total), mentres que en Celeiro

1 Este último apartado ten unha estrutura diferente, porque non parte da experiencia nun centro concreto, pero pola importancia do seu contido parécenos oportuno incorporalo.

2 Coordinada por Rocío López Villamea

3 Investigación na que participan: María Dolores Escuredo Sabín, Ruth Fernández Fernández, Sandra Fernández Vidal, Cristina López Caramés, Emilia Touriño Campelo e José Ignacio Sautua López.

4 Investigación na que participan: Andrea Tato Vega, Yolanda Cobas Fernández, Ana María Castro Limeres e Antonio Ramón González Vaamonde.

prevalecen no 50% dos casos as familias extensivas, nas que se comparte casa con avós/vos ou outros familiares.

CADRO 3.1.: MODELO DE FAMILIAS EN CEIPS DE CELEIRO, A GUDIÑA E A VEIGA.2010-2011

	Celeiro	A Gudiña	A Veiga	Subtotal
Nuclear	50%	69%	95%	71%
Monoparental		31%	5%	12%
Extensiva	50%			17%

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado dos CEIPs

Canto ao número de fillas e fillos por familia, a media aritmética das tres zonas daría un promedio de 1,69. O que equivalería a un 50% de familias cun só fillo/a, un 35% con dous e un 15% con tres. Por suposto coas correspondentes particularidades de cada zona, o que se poden observar no seguinte cadro resumo, onde, por exemplo, os datos da Veiga, desprázanse máis de cara ao limiar superior.

CADRO 3.2.: NUMERO DE FILLAS/VOS POR FAMILIA EN CEIPS DE CELEIRO, A GUDIÑA E A VEIGA. 2010-2011

Nº fillas/os	Celeiro	A Gudiña	A Veiga	Subtotal
1	79%	54%	16%	50%
2	7%	31%	68%	35%
3	14%	15%	16%	15%

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado dos CEIPs.

Tanto no CEIP de Celeiro como no da A Veiga, solicitan información puntual sobre os estudos das nais e pais de familia, mostrando dúas realidades totalmente diferentes: mentres na zona de Celeiro o nivel de estudos dos pais é claramente superior ao das nais, no caso da Veiga, a realidade é moi diferente pois sorprendentemente o nivel de estudo das mulleres é lixeiramente superior ao das súas parellas.

CADRO 3.3.: NIVEL DE ESTUDOS DAS NAIS E PAIS DE FAMILIA. CEIPS DE CELEIRO E A VEIGA. 2010-2011

	CEIP CELEIRO		CEIP A VEIGA	
	nais	pais	nais	pais
Ningún				5%
Primaria	50%	29%	37%	68%
Secundaria	21%	29%	42%	11%
Diplomatura	29%	13%	16%	5%
Licenciatura		29%	5%	11%

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado dos CEIPs.

O que si é unha realidade facilmente contrastable nos tres centros nos que se realizaron as enquisas, é o cambio que se deu nos fogares do rural galego con respecto da realización de traballos produtivos recoñecidos tanto polas mulleres como polos homes. A cantidade de fogares nos que o traballo remunerado é realizado por ambos, ascende ao 53%, seguido polo patrón máis tradicional, composto polas familias nas que só traballa o home (32%) e por un 10% no que as únicas proveedoras son as mulleres (10%). Este último dato correspóndese coa zona da Gudiña, onde anteriormente salientamos o elevado número que había de fogares monoparentais.

CADRO 3.4.: REALIZACIÓN DE TRABALLO REMUNERADO FÓRA DO FOGAR EN CEIPS DE CELEIRO, A GUDIÑA E A VEIGA. 2010-2011

nº fillas/os	Celeiro	A Gudiña	A Veiga	Subtotal
Nai		31%		10%
Pai	43%	15%	37%	32%
Ambos	57%	39%	63%	53%
Outros		15%		5%

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados polo profesorado dos CEIPs

Pero, como explica Asunción Carreiras Balsa,⁵ os datos móstrannos que *"a incorporación masiva das mulleres ao mundo laboral non se traduciu nun reparto equitativo das tarefas domésticas, nin nas súas oportunidades para descansar e gozar de momentos de lecer"*. No seguinte cadro mostramos un resumo elaborado polo profesorado do CEIP da A Veiga sobre a implicación sentida por nais e pais con respecto ás tarefas domésticas, a vida académica das fillas/vos e o tempo de descanso. Onde *"podemos constatar que 4 de cada 10 homes nunca colabora nas tarefas domésticas e que 7 de cada 10 non se preocupa polo proceso académico-escolar dos seus fillos e fillas"*.

CADRO 3.5.: IMPLICACIÓN DE NAIS E PAIS EN DIFERENTES ÁMBITOS CEIP A VEIGA, 2010-2011.

	Tarefas domésticas		Vida académica fillos/as		Tempo de lecer	
	nais	pais	nais	pais	nais	pais
Sempre	95%	5%	95%	5%	9%	85%
Ás veces		42%		17%	51%	5%
Nunca		48%		73%	35%	5%
NS/NC	5%	5%	5%	5%	5%	5%

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado do CEIP

Os resultados da enquisa cumprimentada co alumnado de 4º primaria do CEIP BIBEI⁶, de Viana do Bolo, confirman o anterior:

"Aínda que resulte curioso aquí o machismo é en grao sumo acentuado. As tarefas tradicionalmente delegadas ás mulleres (como cociñar, comprar, fregar ou coser),

5 Do IES Vilar Ponte de Viveiro

6 Investigación realizada por: M^aTeresa Domínguez Gutierrez, Presentación Ramos González, Ignacio Lindoso González, Sherezade Fernández Placín, Mónica Vega González e M^a Consuelo Losada Rodríguez.

seguen sendo para a maioría así nas súas casas, e contestaban sen pensar nin dubidar. Mentres que ir ao bar, lavar coches, arranxar enchufes ou persianas, póñanllo aos homes”.

Respecto diso, o profesorado do CEIP Eduardo Ávila Bustillo, tras analizar os datos da súa investigación, conclúe:

“Resumindo, o alumnado do noso centro educativo convive nun contorno familiar onde constatan que os homes encárganse do traballo fóra de casa (como fonte de ingreso) e as mulleres deben dividir o seu tempo entre o traballo fóra da casa, coas tarefas domésticas e a educación dos fillos e fillas. A transmisión destes valores, se cadra non dunha forma directa, de forma «oculta», propicia que se perpetúen de xeración en xeración, resultando complicado que a coeducación se alcance de forma real e práctica.”

Aproveitando o traballo de investigación-acción, Asunción Carreiras Balsa, por medio de preguntas xeradoras leva o debate a unha aula de 2º da ESO. Nun principio o alumnado resposta de forma conservadora, o debate ábrese, cando...

“unha das alumnas repetidoras protesta porque na súa casa todo faio ela e a súa nai. Di que ten un irmán maior ca ela e que este non fai nada na casa porque argumenta que bastante traballa fóra. O seu pai procede da mesma xeito e ela entende que o seu podería ser un castigo por non estudar, pero o que non entende é por que a súa nai, que traballa fóra de casa, «ten que facer o de fóra e o de dentro»? , finalmente, todos recoñeceron que hai diferenzas significativas no grao de participación de mulleres e homes nas tarefas familiares, cando é un traballo que habería que repartir entre todos/as”.

Outra das ferramentas que se facilitou, era para traballar con nais e pais por separado e de forma individual, o que querían que fosen as súas fillas e fillos cando fosen maiores. O

profesorado do CEIP Eduardo Avila Bustillo da A Veiga, pasárona e sintetizan a información recibida no cadro que presentamos a continuación. Onde se observa o diferencial de respostas abertas dadas entre mulleres e homes e priorizar *"a felicidade e os desexos individuais no que respecta ao seu futuro laboral, crendo maioritariamente que o conseguirán alcanzar."*

CADRO 3.6.: DESEXOS DE FUTURO PARA OS SEUS FILLOS/AS DAS NAIS E PAIS. CEIP A VEIGA. 2010-2011

	nais	pais
"O que queiran"	21%	74%
"profesional"	32%	21%
"felices"	32%	
"boas persoas"	10%	
Non sabe/ Non contesta	5%	5%

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado do CEIP

En Celeiro, Rocío López Villarme, utiliza unha enquisa similar, pero na súa análise separa as respostas que dan respecto dos fillos e das fillas. Á vista dos resultados, pódese observar, coma se ben prevalecen os desexos individuais, aparecen os estereotipos canto ás futuras profesións a seguir por nenas e nenos.

CADRO 3.7.: DESEXOS DE FUTURO PARA OS SEUS FILLOS/AS DAS NAIS E PAIS. CEIP CELEIRO. 2010-2011

	nais	pais
Queren que as súas FILLAS sexan ...	- O que lle guste (5) - Algo de proveito - Enfermeira (2) - Avogado - Profesora - Deseñadora	- O que lle guste (4) - Algo con futuro - Enfermeira (2) - Avogado - Profesora
Queren que os seus FILLOS sexan ...	- O que lle guste (3) - Mestre - Mecánico - Científico	- O que lle guste (3) - Bombeiro - Camioneiro - Mestre - Mecánico - Medico - Artista

Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado do CEIP

Outros centros educativos, centran a súa atención en coñecer a realidade e expectativas do alumnado, para iso utilizan diferentes ferramentas que nos permitirán coñecer: os seus xoguetes preferidos, os personaxes de conto que queren ser, os adxectivos cos que se relacionan, as súas expectativas profesionais e o que pensan respecto das realización de tarefas domésticas no futuro.

O profesorado do CEIP Laureano Prieto da Gudiña, tras pasar unha enquisa ao alumnado de 3º primaria (6 nenas e 9 nenos), chega á seguinte conclusión:

"Os estereotipos de xénero canto ao xogo preferido parecen manterse, pois nos xogos practicados, os nenos inclínanse máis por xogos motores (fútbol, bici) e as nenas por xogos máis pasivos (peluches, bonecas, xogos de mesa). Nos dous grupos aparecen tamén de forma case igualitaria os xogos tecnolóxicos (wi, PSP, nintendo"...)

No CEIP BIBEI de Viana do Bolo, indagan co alumnado de primeiro ciclo de primaria, sobre o personaxe de conto que lles gustaría ser⁷. Determinan que *"mentres que os nenos prefiren Pokemon, guerreiros, magos e príncipes; as nenas se decantan por Blancanieves, Cenicienta, a ratiña presumida.."*. Tamén piden que se identifiquen cos adxectivos que se expoñen nun listado, observando que *"os nenos elixen aqueles neutros ou que significan forza física ou valor (forte, valente, arriscado), fronte ás nenas que seleccionan os que fan referencia a unha calidade positiva (boa, cariñosa)"*.

Como reflexión, no seguinte cadro, reproducimos literalmente o que queren ser de maiores nenas e nenos, nos centros educativos de Celeiro, A Gudiña e Bibei.

⁷ Dun listado predeterminado

CADRO 3.8.: DESEXO PROFESIONAL DE ALUMNADO DOS CEIPS DE CELEIRO, A GUDIÑA, BIBEI. 2010-2011

	CEIP CELEIRO 3ºprimaria	CEIP A GUDIÑA 3ºprimaria	CEIP BIBEI 4ºprimaria
As NENAS queren ser	-Modelo e cantante -Perruqueira -Veterinaria -Profesora -Enfermeira	Rama sanitaria, educativa e artística	-Modelo -Profesora -Policía -Perruqueira -Profesora de esquí -Patinadora sobre xeo
Os NENOS queren ser..	-Futbolista -Adestrador -Camioneiro -Mecánico -Xefe -Non o sei	-Policía -Mecánico -Bombeiro -Camioneiro -Gandeiro -Futbolista	-Médico -Deseñadora videoxogos -Debuxante -Camioneiro -Cantante -Notario -Profesional de BMX -Maquinista de tren -Enxeñeiro -Futbolista -Arquitecto -Mecánico -Soldado do exercito

Fonte: Elaboración propia segundo datos facilitados por profesorado dos CEIPs

3.2. ACHADOS CON RESPECTO AO MATERIAL DIDÁCTICO

A nivel de igualdade formal con respecto ao xénero, o correspondente á revisión do currículo escolar e dos materiais didácticos, son dos temas menos explicitados nas normativas existentes, ou de facelo quédanse a nivel do “tellado” das administracións educativas. Salientaremos aquí a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (LOIE,2007), segundo a cal:

"A eliminación e rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos". (LOIE, 2007, Artigo 24. A educación para a igualdade de mulleres e homes, Actuacións da Administración 2)

A este nivel foi interesante constatar, coma se ben nun principio o profesorado dicía que este era un ámbito, onde a igualdade de xénero xa era un feito, á hora de facer os traballos de investigación- acción a realidade mostraba a outra cara da moeda.

Como xa explicamos no capítulo anterior, para esta tarefa facilitóuselles unha batería de ferramentas, que lles permitirían revisar no capítulo dun libro ou nun material didáctico, a situación de xénero a nivel de contidos, de imaxes e da linguaxe. Cada grupo de traballo, seleccionaba unha ferramenta, adaptábaa á súa situación específica e aplicábaa.

Comezaremos mostrando as fotos que nos facilitou a profesora de segundo ciclo de infantil, Rocio López Villaranea⁸, sobre dous xogos que se usan actualmente nas aulas, o de "Vexo, vexo... unha cosiña"⁹ e o de "Ensíname a falar"¹⁰

GRAFICO 1: PARTES DO XOGO "VEXO, VEXO..UNHA COUSIÑA. FOTOS DE ROCIO LÓPEZ VILLARMEA



8 Do CEIP Antonio Pedrosa Latas de Celeiro, Viveiro, Lugo

9 Pertencente á colección "*Mira, pregunta e adiviña*" de Educa.

10 Editado polo Grupo Editorial Universitario de Gloria López Garzón.

Como a mesma profesora nos di, no xogo "Vexo, vexo...unha cousiña":

"As mulleres vense paseando os nenos/as, rexoubando a través das fiestras e na rúa, atendendo os labores domésticos, é dicir, desempeñando traballos e roles tradicionalmente considerados femininos. Mentres que os homes, son os que desempeñan oficios como policías, bombeiros, albaneis" e non se ve a ningún paseando os nenos/as".

No xogo de "Ensíname a falar", as imaxes rexistradas son aínda máis explícitas, como Rocío nos indica: *"Aparecen as mulleres facendo os labores domésticos e servindo ao esposo, mentres que os homes len o xornal, falan por teléfono, miran a televisión ou fan os traballos considerados duros".* Vexamos as imaxes:

GRAFICO 2: LÁMINAS DO XOGO "ENSÍNAME A FALAR". FOTOS DE ROCIO LÓPEZ VILLARMEA



Ademais de mostrarnos estas imaxes, Rocío revisou as ilustracións e o texto do libro de Lingua, da editorial Vicens Vives, do terceiro curso do 2º ciclo de infantil, observando unha clara división no tratamento dos protagonistas en función do seu sexo, tanto a nivel de roles, como de posicións:

A proporción de homes que aparecen como protagonistas dunha acción é maior que a de mulleres

Os traballos remunerados aparecen maioritariamente asociados aos personaxes masculinos. Pola contra, os traballos non remunerados asóciense ás personaxes femininas.

Tamén se mostra dicotomía entre os postos de responsabilidade, outorgados aos homes e os de subordinación nos que aparecen mulleres.

CADRO 3.9.: ANÁLISE DE ILUSTRACIÓNS DO LIBRO DE LINGUA DE VICENS VIVES, PARA 3ER CURSO DE 2º CICLO DE INFANTIL

	MULLERES		HOMES	
	ILUST.	TEXTO	ILUST.	TEXTO
Cantas veces aparecen como protagonistas dunha acción?	11	7	14	11
Cantas veces aparecen realizando traballos remunerados?	3	0	9	7
Cantas veces aparecen realizando traballos non remunerados	4	1	0	0
Cantas veces aparecen en postos de responsabilidade?	1	0	5	6
Cantas veces aparecen en postos de subordinación?	1	1	0	0
Cantas veces aparecen en ámbitos relacionados coa ciencia, a técnica e as novas tecnoloxías?	0	0	1	1

Fonte: Rocío López Villarnea

